

**Acta núm. 30/2019.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 19 de novembro de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Non asiste: María Rosa Romero Fariña.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 19 de novembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretaria Ana Sánchez Fontáns, secretaria accidental do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 29/2019, DO 14.11.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 4º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 29/2019, DO 14.11.2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 14.11.2019, acta núm. 29/2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RENUEVATE GESTIÓN DE CONSTRUCCIÓN S.L.U, en nome e representación de Javier Pose Casado, na que comunica que vai realizar obras de escasa entidade que non afectan á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións; consistentes en obras interiores de substitución de pavimentos, acabados e fontanería, na vivenda sita en Rúa Santiago nº 18 - Brión. A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 94,26 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 158,83 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA LEÓN CAAMAÑO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Paseo de Pedrouzos nº 32, substituíndo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empra a vivenda (6357807NH2465N0017TB) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,30 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 101,87 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE LUIS MARCOS LUAÑA, na que comunica que vai construír unha piscina tipo 3B, segundo definición do decreto 119/2019, polo que se regulan os criterios hixiénicos-sanitarios das piscinas de Galicia, soterrada e descuberta, de superficie aproximada 18 m2., no lugar de Osebe nº22 – Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 7406516NH2470N0001OBK, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

□ Situarase mínimo a 3 metros dos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,41 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 309,98 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ARTURO JIMÉNEZ JIMÉNEZ na que comunica que vai limpar, pintar e rotular as fachadas da nave sita no lugar de Chave de Ponte nº 9.

A parcela onde se pretenden executar as obras, referencia catastral nº 8911908NH2481S0001BQ, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e non autorizar as obras porque neste momento a edificación na que se pretende colocar a rotulación non conta con licenza de actividade polo que en base ao artigo 53.1

da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, modificada pola Lei 6/2015, é un elemento publicitario prohibido.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 0,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 64,57 euros.

3º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ROCÍO VÁZQUEZ LOURIDO e JOSÉ LOURIDO PÉREZ, na que se solicita licenza de modificación da licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno Local o 03.08.2017, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao e visado (expte. nº 779/19).

O motivo da solicitude é a necesidade de axustar a descrición da parcela matriz á licenza de modificación concedida pola Xunta de Goberno Local o 26.03.2019.

Descrición da parcela matriz.

Parcela nº 58 de concentración parcelaria de San Miguel de Boullón.

Superficie: 3.684 m².

Lindes:

Norte: Lourdes- María Pérez Martínez (365-adicional) e Ramón Pérez Pedrosa (40).

Sur: Florentina Nieto Pérez (59), Florentina Nieto Pérez e outros (60) e camiño.

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Oeste: camiño, Florentina Nieto Pérez e outros (60), Florentina Nieto Pérez (59), camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e Manuel Fernández Fraga (56).

Referencia catastral: ten dúas: 4040501NH2444S0001GD, clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, e 15013B501200580000MS, clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal.

Segregación pretendida:

Parcela segregada nº58-2:

Superficie bruta: 1.262,00 m².

Superficie de cesión (a 5,5m do eixo do camiño en vías entre núcleos e 4m do eixo do camiño en vías interiores de núcleos): 262m².

Superficie neta: 1.000m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Lindes:

Norte: resto da finca matriz.

Sur: Florentina Nieto Pérez (59), Florentina Nieto Pérez e outros (60) e camiño.

Leste: camiño construído polo servizo de Concentración parcelaria.

Oeste: camiño, Florentina Nieto Pérez e outros (60), Florentina Nieto Pérez (59).

Resto finca matriz:

Superficie bruta: 2.422m².

Superficie de cesión (a 5,5m do eixo do camiño): 95m².

Superficie neta: 2.327m².

Clasificación urbanística:

- 974m² en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).
- 1.448m² en solo rústico de protección forestal.

Lindes:

Norte: Lourdes María Pérez Martínez (365 adicional) e Ramón Pérez Pedrosa (40).

Sur: Florentina Nieto Pérez (59) e parcela segregada.

Leste: camiño construído polo servizo de Concentración parcelaria.

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e Manuel Fernández Fraga (56).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a modificación da licenza solicitada, que afecta unicamente ás superficies das parcelas obxecto da regularización e aos lindeiros, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 357,00 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

4º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretaria accidental, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

A secretaria acctal.

José Luis García García

Ana Sánchez Fontáns